

A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE ACHEGA A DOAZÓN DE SANGUE ATA O EDIFICIO ADMINISTRATIVO DA XUNTA DE GALICIA NA CORUÑA

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), dentro da campaña de recollida de doazóns de sangue en empresas e organismos públicos, visitará mañá, martes 11 de novembro, o edificio administrativo da Xunta de Galicia na Coruña.

Todos os traballadores e traballadoras que desexen doar sangue poderán facelo na unidade móbil da Axencia que estará estacionada no lateral da gasolineira das 09:30 ás 14:30 horas.

A ADOS ten visitado en 57 ocasións, desde o ano 1994, as instalacións do edificio administrativo da Xunta de Galicia na cidade da Coruña obtendo, no transcurso destas visitas, un total de 1.151 doazóns de sangue. Neste sentido, a Axencia quere agradecer a colaboración de todos os traballadores e traballadoras que teñen participado activamente nalgunha ocasión nas campañas de doazón de sangue.